

## Personaxes

- Narrador/a
- Constitución de 1812
- Fernando VII.
- Rafael del Riego (militar liberal)
- Napoleón
- Liberal do pobo (das cortes de Cádiz)
- Xosé Bonaparte ("Pepe Botella")
- Francés dos cen mil fillos de San Luís.

## Introdución

### NARRADOR/A:

Hoxe imos contar a historia do rei Fernando VII... un rei que subía e baixaba do trono coma se estivese nunha montaña rusa de *Disneyland París*.

## Escena

### Fernando VII *[entra orgulloso]:*

- Eu son Fernando VII... O Desexado! Todos me queren! (pausa) Ou non?

### Napoleón *[entra e fala con acento francés]:*

- Bonjour! Agora mando eu. Traio o meu irmán Xosé para ser o novo rei.

### Xosé Bonaparte *[entra dando tombos cunha copa ou botella de zume na man e fala saloucando]:*

- Ola!, hic! Son Pepe Botella, hic! Hai viño?

### Napoleón Bonaparte *[quítalle a coroa a Fernando VII e coroa a Xosé Bonaparte que senta nunha cadeira e queda durmido]*

### Fernando VII *[camiña a un lado da escena dramático e finxindo ser arrestado]:*

- Traizón! Leváronme preso a Francia!

### Narrador/a:

Pero o pobo español loitou contra os franceses, e mentres tanto, en Cádiz...

### Constitución *[entra alegre]:*

- Nacín eu! A Constitución de 1812. Igualdade, leis e liberdade.

**Fernando VII** *[volve ao centro da escena rapidamente con cara de preocupación]:*

- Xa volví! Grazas por agardarme tanto... (mira a Constitución con cara de noxo) Isto? Fóra! Eu quero ser rei absolutista!

**Constitución** *[sae triste da escena]*

**Narrador/a:**

- Porén, en 1820, apareceu un militar chamado Riego... *[soa o himno de Riego]*

**Rafael del Riego** *[con pose de heroe]:*

- O rei debe obedecer á Constitución!

**Liberal do pobo:**

- Queremos dereitos! Queremos votar!

**Fernando VII** *[contrariado]:*

- Está ben... volverei aceptar a Constitución... Pero non me gusta nada...**Narrador/a:**
- Durante 3 anos houbo liberdade. Mais o rei tiña outro plan...

**Fernando VII** *[bisbando cara ao público]:*

- Shhh... Vou chamar a uns amigos franceses...

**Francés** *[entra con pose de heroe]:*

- Somos os Cen Mil Fillos de San Luís! Viñemos axudar o rei a volver mandar!

**Fernando VII** *[alegre]:*

- Adeus Constitución! Agora si que volvo ser o Rei-Rei. **Constitución** *[sae triste da escena]*

**Narrador/a:**

- E así comezou a *Década Ominosa*: o rei perseguíu aos liberais e mandou só, ata que morreu en 1833.

## Desenlace

**Fernando VII** *[tuse, dramático no leito de morte]:*

- Aai... voume... mais non me fío nin do meu propio irmán Carlos. Morro!!!... *[cambia o xesto, e mira con malicia ao público]* e comigo morre tamén a lei sálica. A miña filla Isabel será unha poderosa raíña!

## Atrezzo

- Coroa de papel que se intercambiarán entre Fernando VII e Pepe Botella.
- Libro con portada da constitución no que se lea “A Pepa” promulgada polas cortes de Cádiz en 1812.
- Copa de plástico ou botella de zume para José Bonaparte.



“ESCENA II. A montaña rusa de Fernando VII”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)